

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005701	CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	5
4.2. Materiais e recursos didácticos	5
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	6
6. Medidas de atención á diversidade	6
7.1. Concreción dos elementos transversais	7
7.2. Actividades complementarias	7
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	7
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	8
9. Outros apartados	8

1. Introducción

A área do Proxecto Competencial dirixese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

A través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Artistas galegos	A través do diálogo e a asignación de roles no equipo, decidiremos o título do noso proxecto, para despois investigar e coñecer aos pintores e pintoras galegas. Elaboraremos contido para realizar o produto final que consiste nun mapa no que se localizarán os muros da Coruña con tarxetas dos pintores e obras máis	100	35	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Artistas galegos	representativas.	100	35	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Artistas galegos	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Ser capaz de razonar a importancia dos pintores de Galicia na nosa cultura.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Facer propostas sobre os distintos recursos que precisaremos, cales son mellores e por que.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Seleccionar o museos, autores, obras... para coñecer características da terra galega.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Axudar a decidir en que orde realizaremos as actividades que precisamos para a elaboración do noso proxecto: investigar, imprimir, pegar, recortar e montar en 3D os elementos do mapa..		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Propoñer solucións ás dificultades que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Realizar as tarefas que o grupo decida que debe realizar seguindo as pautas acordadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Demostrar coas súas propostas que entende a contorna galega e coruñesa a través da pintura e arte.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Segue as instrucións que xunto co resto dos membros do grupo se acordaron.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Verbaliza as dificultades que xurden.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Fai unha valoración oral do produto do proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta oralmente parte do produto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Esfórzase por empregar unha linguaxe verbal clara.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enzalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Esfórzase por empregar na súa exposición oral, ademáns enfáticos e/ou descritivos acordes ao seu discurso oral.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	En caso de xurdir contratempos, esfórzase por controlar as emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Usa o ordenador e o televisor interactivo nas tarefas envoltas no proxecto: investigación, consulta de mapas...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- ¿ O carácter colectivo do proxecto buscará a inclusión do alumnado, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
- ¿ Empregaranse distintos métodos que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo. Estes métodos deben fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.
- ¿ As propostas metodolóxicas deben favorecer que se integren na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
- ¿ Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións.
- ¿ A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos para o proxecto: Artistas galegos.
Material funxible: cartolinas, papeis...

Material de refugallo: cartóns, envases de plástico, bricks, tapóns...
Pantalla interactiva e ordenadores de aula e do aula de informática.
Planos e mapas,
Radio, Audacity, escornabots, Scratch...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A comezo de curso realizaremos unha avaliación inicial das competencias básicas. Realizaremos entrevistas cos titores de cursos anteriores e probas orais e escritas. Deste modo será posible desenvolver os aspectos máis débiles a aproveitar as fortalezas de cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100	100
Táboa de indicadores	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia non empregará probas escritas. Empregaremos os instrumentos de avaliación que se concretan no apartado correspondente, co peso que se lle asignou a cada criterio.

Criterios de recuperación:

De non acadar o mínimo esixido nun trimestre, recuperarase no seguinte, dado o carácter global desta área.

6. Medidas de atención á diversidade

Daremos importancia atención á diversidade do alumnado, dándolle atención individualizada, procurando a prevención das dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Competencia dixital	X
ET.4 - Creatividade	X
ET.5 - Emprendemento	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X
ET.7 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable	X
ET.9 - Desenvolvemento sustentable	X
ET.10 - Educación para a saúde.	X
ET.11 - Educación emocional e en valores	X
ET.12 - Respecto pola diversidade	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Museo do Castelo de San Antón	Esta visita será moi importante para o noso proxecto, xa que trata sobre a nosa cidade.			
Educación Vial	Esta actividade terá lugar no centro, e abordará os diferentes medios de transporte e os sinais que debemos respectar tamén como peóns.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
É funcional a programación?

Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades?
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Mantívoase contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento de cada etapa do proxecto, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, coa intención de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 2º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados